

A Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL) celebrará este sábado a súa primeira asemblea na que fixará a súa postura sobre a promoción da lingua no ensino non universitario

A Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística celebrará a súa primeira asemblea este vindeiro sábado 7 de novembro, ás 11 da mañá, no IES As Fontiñas, de Santiago de Compostela.

A Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL), que comezou a dar os primeiros pasos en abril deste mesmo ano, pretende con esta asemblea converterse nun colectivo estable co obxectivo de consolidar os Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística como entes dinámicos na promoción da lingua galega no ensino non universitario.

Apenas tres semanas despois do comezo do proceso de adscrición á CGENDL, a coordinadora conta con máis de 400 membros (entre coordinadores/as de ENDL e docentes colaboradores), aínda que se prevé superar estas cifras nas próximas semanas xa que o proceso continúa aberto.

Os membros da CGENDL acordarán este sábado en asemblea cales serán os principios básicos que defenderán como colectivo, o seu organigrama e escollerán o seu Consello Directivo.

Ao mesmo tempo, tamén aprobarán o Plan de Traballo Anual e fixarán a postura do colectivo canto ás medidas legislativas que tome a administración para determinar a presenza da nosa lingua no ensino non universitario.